e) As melloras que se producen, vanse vendo reflectidas nos programas das materias, tanto no que fai referencia á metodoloxía de ensino como en canto ós contidos e á avaliación. Neste sentido, o responsable é o corpo docente de cada materia ou seminario, aínda que tamén intervén o Consello do Departamento ao revisar e aprobar cada curso os diferentes programas.

No caso da directiva de "garantía de calidade dos programas formativos" debemos remitirnos ao establecido na Memoria e ao desenvolvemento da normativa da USC. Con respecto a este tema, así como ao nomeamento da Comisión correspondente do Sistema de Garantía Interna do Centro (SGIC), esta Comisión é a responsable de tomar as medidas oportunas para garantir a mellora da titulación, elaborando os criterios que deben aplicarse nos programas ascritos ao centro, tal e como aparece na páxina Web correspondente e na propia Memoria do Máster.

Con respecto á "supresión ou extinción do programa formativo", a Comisión Académica remítese, neste caso concreto, ao establecido na Memoria e á normativa da USC. De calquera maneira, no apartado 9.5.3 da Memoria do Máster recollénse os criterios específicos no suposto de extinguirse o título.

Finalmente, é na xestión do proceso de ensino-aprendizaxe onde se poderían mellorar algúns aspectos ou aplicar os criterios específicos establecidos na Memoria e que, por diversas causas, que xa apuntabamos cando valoramos o acceso e a admisión de estudantes, non se levaron a termo.

Como quedou consignado, os órganos responsables da xestión do proceso de ensino aprendizaxe son a Comisión Académica e o profesorado que desenvolven as materias, aínda que tamén intervén o centro a traves da SGIC e mesmo o equipo de goberno da USC, elaborando a normativa propia a través dos servizos administrativos.

Tal e como consta na Memoria, correspóndelle ao Departamento establecer os perfís de ingreso e os criterios xerais para a superación do curso, sendo os profesores das materias os que fixan os requirimentos específicos para cada seminario.

Pero a admisión e matrícula non se realiza no Departamento, senón que o fan os Servizos Administrativos, aplicando un criterio xeral, sempre e cando a demanda no sexa superior a 25 alumnos. Neste caso introduciríanse os criterios específicos establecidos na Memoria. Precisamente é neste punto onde se poderían incorporar melloras.

No que fai referencia ao "apoio e orientación aos estudantes" e á "metodoloxía do ensino e avaliación" entendemos que aparece claramente exposta na Memoria do Máster e que non difire da que aplica o profesorado que imparte docencia nas outras titulacións de carácter universitario. De todo isto dáse conta no apartado 4.3 da Memoria do Máster, cando se fai referencia ao sistema de apoio e orientación, e no apartado 5 de planificación do ensino para os demais temas.

Ao tratarse dun Máster de investigación non se fixan criterios específicos para a orientación profesional, simplemente aplícase a normativa xeral.

Para as alegacións, reclamacións e suxestións estase a aplicar o indicado no apartado 9.5.2 da Memoria

onde se recollen con suficiente claridade todos aqueles aspectos que poidan servir para mellorar a titulación, en xeral, e a formación do alumnado, en particular.

En canto ás normativas que afectan aos estudantes, entendemos que poderían incorporar, como xa vimos reiterando, algunhas modificacións, que non lle corresponde precisar á Comisión Académica do Máster, xa que ela non marca os prazos de matrícula, nin o inicio das clases, extremos estes nos que se ten producido ao longo deste bienio unha relativa desorganización ou falla de coordinación, toda vez que comeza o curso sen ter rematados os prazos de matrícula, dando lugar a que certos estudantes o matricularense dentro do prazo oficial, cando se incorporaron a algúns seminarios estes xa tiñan rematado. A solución pasaría pola aplicación das propostas que formulamos anteriormente.

Polo demais estamos convencidos de que a experiencia e os anos irán matizando e axudando a correxir e solventar os problemas que se van suscitando, fundamentalmente en canto a validacións de estudos e materias.

O resto dos apartados susceptibles de análise, como son os relativos á participación dos grupos, a recollida da información, a defición e a implementación das melloras, non son diferentes aos establecidos na memoria do master e ós que vimos apuntando nas anteriores fichas.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| **CRITERIO** | |
|---|---|
| **Denominación da proposta** | Tratar de hamonizar, no posible, os prazos de matrícula co calendario académico aprobado no Consello de Goberno da USC. |
| **Punto débil detectado** | Incorporación de todo o alumnado xa nas primeiras materias que se desenvolven no master. |
| **Ámbito de aplicación** | UXA |
| **Responsable da súa aplicación** | Comisión académica (persoas encargadas do seguimento, coordinadora do master e secretaría) |
| **Obxectivos específicos** | Acadar a incorporación de todo o alumnado desde o inicio do máster. |
| **Actuacións a desenvolver** | Modificar desde a UXA os prazos de matrícula.<br>Modificar horarios e calendario de comezo. |
| **Periódo de execución** | Outubro 2012 |
| **Recursos/financiamento** | Recursos humanos do Departamento |
| **Responsable do seguimento** | UXA<br>Coordinadora do programa |
| **Indicadores de execución** | Número de matriculados o día da presentación do master.<br>Redución de reclamacións por materias xa impartidas. |
| **Observacións** | |
| | |

| A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente) | |
|---|---|
| **Nivel de cumprimento** | Escaso |
| **Resultados obtidos** | Medio con respecto á asistencia do alumnao matriculado xa empezado o curso e nulo con respecto a alumnos con bolsa de mobilidade. |
| **Grao de satisfacción** | Medio-baixo |
| **Accións correctoras a desenvolver** | No caso de alumnos de mobilidade Erasmus Mundi realización de titorias individuais<br>Elaboración de normativa interna para regular a exención parcial de docencia presencial daqueles alumnos que disfruten dunha bolsa de mobilidade, xunto ao deseño e elaboración de intervencións específicas para estes estudantes nas materias nas que non poidan asistir. |

| CRITERIO | |
|---|---|
| **Denominación da proposta** | Procurar que o período de formalización da matrícula remate antes do inicio das clases. |
| **Punto débil detectado** | Incorporación de todo o alumnado xa nas primeiras materias que se desenvolven no master. |
| **Ámbito de aplicación** | UXA |
| **Responsable da súa aplicación** | Comisión académica (persoas encargadas do seguimento, coordinadora do master e secretaría) |
| **Obxectivos específicos** | Acadar a incorporación de todo o alumnado desde o inicio do máster. |
| **Actuacións a desenvolver** | Modificar desde a UXA os prazos de matrícula.<br>Modificar horarios e calendario de comezo. |
| **Periódo de execusión** | Outubro 2012 |
| **Recursos/financiamento** | Recursos humanos do Departamento |
| **Responsable do seguimento** | UXA<br>Coordinadora do programa |
| **Indicadores de execusión** | Número de matriculados o día da presentación do master.<br>Redución de reclamacións por materias xa impartidas. |
| **Observacións** | |
| | |
| **A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)** | |
| **Nivel de cumprimento** | Escaso |
| **Resultados obtidos** | Medio con respecto á asistencia do alumnao matriculado xa empezado o curso e nulo con |

| | |
|---|---|
| | respecto a alumnos con bolsa de mobilidade. |
| **Grao de satisfacción** | Medio-baixo |
| **Accións correctoras a desenvolver** | No caso de alumnos de mobilidade Erasmus Mundi realización de titorias individuais<br>Elaboración de normativa interna para regular a exención parcial de docencia presencial daqueles alumnos que disfruten dunha bolsa de mobilidade, xunto ao deseño e elaboración de intervencións específicas para estes estudantes nas materias nas que non poidan asistir. |

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

## Recursos humanos

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

En conxunto entendemos que a valoración deste apartado é satisfactoria, aínda que dita valoración poderíase reducir a suficiente no que respecta ao persoal de administración e servizos, en concreto ao persoal de apoio, tanto o de tipo administrativo como ao técnico especializado en novas tecnoloxías.

Se ben o desenvolvemento do Máster corresponde exclusivamente ao Departamento, a política de persoal, tanto docente como de administración e servizos depende do goberno da USC, polo que a Comisión Académica só pode planificar a docencia co profesorado doutor que ten adscrito, que en principio é suficiente tal e como consta na Memoria. Neste sentido, non dispón de posibilidades de contratar novo profesorado. O único que esta en condicións de facer é solicitalo en función dos criterios que establece a Comisión de Goberno da USC.

Por outra parte, en relación co persoal de administración e servizos, debemos consignar que este depende directamente do centro, agás a secretaría administrativa do Departamento quen organicamente, ademais, depende da xestora académica do Centro, a cal é membro nato da Comisión Académica. Sendo así, nin a Comisión Académica nin o Consello de Departamento teñen competencias para a distribución deste persoal e a súa dedicación ao Master.

A tenor do anterior, as melloras só poden ser propostas polo Departamento e asumidas ou non polos órganos competentes en materia de contratación de persoal, tanto docente como de administración e servizos. E aínda estes últimos non están adscritos ao Departamento, senón ao Centro, que é o encargado de determinar as funcións que deben desenvolver, tendo en conta as distintas titulacións que nel se imparten.

Para finalizar, pódese engadir que o Departamento ten o persoal docente suficiente para facerse cargo da docencia do Master cos profesores que se incorporaron no curso académico 2010-11, aínda que por diferentes circunstancias estes últimos anos perdeu tres profesores que viñan asumindo tres créditos cada un deles, pero que foron suplidos con novas incorporacións de profesorado.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| **CRITERIO** | |
|---|---|
| **Denominación da proposta** | Manter a mesma petición que se fai na Memoria. |
| **Punto débil detectado** | |
| **Ámbito de aplicación** | |

| | |
|---|---|
| **Responsable da súa aplicación** | |
| **Obxectivos específicos** | |
| **Actuacións a desenvolver** | |
| **Periódo de execusión** | |
| **Recursos/financiamento** | |
| **Responsable do seguimento** | |
| **Indicadores de execusión** | |
| **Observacións** | |
| | |
| **A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)** | |
| **Nivel de cumprimento** | |
| **Resultados obtidos** | |
| **Grao de satisfacción** | |
| **Accións correctoras a desenvolver** | |

| | |
|---|---|
| **CRITERIO** | |
| **Denominación da proposta** | Conseguir un maior apoio do persoal de administración e servizos. |
| **Punto débil detectado** | Incremento dos trámites burocráticos, que precisan de apoio administrativo |
| **Ámbito de aplicación** | Apoio á coordinación e xestión burocrática |
| **Responsable da súa aplicación** | SXOPRA e dirección do Departamento |
| **Obxectivos específicos** | Mellor xestión administrativa do máster |
| **Actuacións a desenvolver** | Agrupar toda a información do master un espazo virtual único dende onde se poida descargar e ter acceso a el. |
| **Periódo de execusión** | Xuño de 2011-decembro de 2012 |
| **Recursos/financiamento** | Os PAS cos que conta a facultade |
| **Responsable do seguimento** | Director do Departamento e Coordinadora do Master. |
| **Indicadores de execusión** | Conseguir que o labor do coordinador sexa a de coordinación e elaboración de informes docentes, non de búsqueda e organización dos "links que a universidade dispón" para o desenvolvemento do master. |
| **Observacións** | |
| | |
| **A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)** | |
| **Nivel de cumprimento** | Medio |
| **Resultados obtidos** | Estase a elaborar unha base de datos única dende a universidade para todos os master oficiais, onde |

| | |
|---|---|
| | a información para o alumno e os docentes estea integrada e a disposición de todos. |
| **Grao de satisfacción** | En execución. As espectativas son altas. |
| **Accións correctoras a desenvolver** | |

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

| Recursos materiais e servizos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración deste apartado considérase como suficiente, pero debemos ter en conta que os recursos materiais e de servizos non dependen do Departamento senón da Facultade, fundamentalmente, ou ben doutras instancias da USC, e que se atopan a disposición de todas as titulacións que se imparten na Universidade, en xeral e/ou na Facultade de Ciencias da Educación, no noso caso, en particular.

Entendemos que a valoración é suficiente e non satisfactoria, porque pode optimizarse. De feito sería mellorable a aula na que se vén desenvolvendo a docencia actualmente, toda vez que na Memoria se previa dispoñer dun espazo se seminario para 20-25 alumnos dotado de equipamento informático suficiente. Pero debido a que o número de alumnos foi superior aos 25 fíxose indispensable trasladarse a outro espazo con medios de inferior calidade e unha configuración de aula convencional non idonea para o desenvolvemento do traballo en pequenos grupos e a interacción do alumnado.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| **CRITERIO** | |
|---|---|
| **Denominación da proposta** | Neste caso a proposta de mellora iría encamiñada a consecusión doutro espazo mais acaído para o desenvolvemento da docencia. |
| **Punto débil detectado** | Falta dun espazo de referencia para o desenvolvemento do master |
| **Ámbito de aplicación** | Facultade de Ciencias da Educación |
| **Responsable da súa aplicación** | Decanato e Dirección do Departamento |
| **Obxectivos específicos** | Habilitar un espazo con recursos tecnolóxicos onde os docentes poidan impartir con garantía a súa docencia. |
| **Actuacións a desenvolver** | Negociar coa Facultade outro espazo para desenvolver a docencia. |
| **Periódo de execución** | Curso Académico 2012-13 |
| **Recursos/financiamento** | Decanato, Departamento e grupos de investigación do propio departamento. |
| **Responsable do seguimento** | A dirección do Departamento |

| | |
|---|---|
| **Indicadores de execución** | Hoxe contase co Seminario Herminio Barreiro que posúe pizarra dixital e equipamento para unha mellora da docencia do master, pero só para 25 persoas. |
| **Observacións** | |
| | |
| **A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)** | |
| **Nivel de cumprimento** | 50% para o espazo dado pola Facultade e 100% para o Seminario Herminio Barreiro. |
| **Resultados obtidos** | Altos cando o alumnado non é superior a 25 alumnos e medio cando se supera dita cantidade.. |
| **Grao de satisfacción** | O espazo e os recursos son valorados como moi positivamente cando estamos a falar do Seminario Herminio Barreiro e perde valoración ao referirse a outros espazos. |
| **Accións correctoras a desenvolver** | Seguir a negociar co Decanato para mellorar o espazo para a docencia, cando o alumnado sexa superior a 25. |

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

| Resultados previstos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Como xa apuntabamos, os resultados previstos na Memoria Final no se cumpriron satisfactoriamente, polo que a Comisión Académica valora este apartado só de "suficiente".
O entender da Comisión Académica do Máster, como órgano da maior responsabilidade docente, as causas fundamentais do non cumprimento dos resultados previstos na Memoria son dúas.
A primeira, é que na previsión dos resultados do programa partiuse, como non podía ser doutro xeito daquela, xa que era a única referencia que se tiña, dos resultados do período de docencia do programa de doutoramento do cal procede o master, aplicando unha pequena corrección, ao entender que o Traballo Fin de Máster equivalería, en certo modo, ao Traballo de Investigación Tutelado, o cal pertencía xa ao período de investigación do doutorado. Pois ben, se nos atemos aos resultados do curso 2011-12 os resultados empezan a achegarse aos previsitos, en canto que os alumnos que rematan o master e o Traballo Fin de Master estano a facer con resultados medios altos O grao de éxito do master vén condicionado por algo que xa apuntou no seu momento a Comisión encargada de elaborar o borrador da Memoria do Máster, este debería ter unha duración de dous anos: o primeiro exclusivamente dedicado a docencia e o segundo a realización do Traballo Fin de Máster. Se tivésemos en conta esta opción, as taxas de eficiencia e de titulación mellorarían sensiblemente, achegándose ás previstas.
A segunda causa, xa comentada noutros apartados, refírese á da admisión do alumnado. Se no programa de doutoramento que serviu de guía para o deseño accedían só licenciados, moitos deles xa con anos de experiencia profesional, ao novo Máster poden aceder, e de feito así o fan, alumnos diplomados e, polo tanto, cuns coñecementos, fundamentalmente no ámbito teórico, metodolóxico e aplicado da investigación, inferiores. Isto orixina que nos procesos formativos téñanse que desenvolver aspectos que non estaba previsto abordar. Ademais ao curso poden incorporarse, sen ocupar praza, estudantes que veñen doutros países (Erasmus-Mundus), moitos deles -polo menos no que fai referencia á nosa experiencia do último ano-, parece que non dispoñen da formación adecuada para participar nun programa formativo de perfil investigador. Precisamente estes alumnos son os que tenden a aumentar a taxa de abandono e os que adoito non rematan o Traballo Fin de Máster, ao cal en moitos casos lles resulta imposible acceder por non ter superadas as materias do programa formativo.
Todas estas informacións, que se obteñen das diferentes avaliacións foron, son e seguiran sendo, obxecto de análise e debate no seo da Comisión Académica e entre o profesorado que vén impartindo o Máster.
As posibles melloras para acadar os resultados previstos son de dous tipos:

a) Académicas, que corresponden implementar por parte da Comisión Académica do Máster e o Departamento. Estas vincularíanse á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe e a relación do profesorado co alumnado, basicamente na orientación e seguimento dos seus traballos. Isto requeriría con toda probabilidade, unha maior implicación nos procesos interactivos co alumnado que afectaría dunha maneira particular aos titores, sempre e cando lles fose recoñecido académica e laboralmente e, así mesmo, nunha superior dedicación do alumnado ao seu traballo para recuperar, cando así cumprira, os déficits cos que ingresasen no Máster. Para iso habería que programar reunións específicas do alumnado cos seus titores de maneira continuada durante todo o curso académico.
b) Institucionais, que xa non dependen tanto da Comisión Académica nin do Departamento. A primeira consistiría na aplicación dos criterios específicos de admisión do alumnado que aparecen recollidos na Memoria o que posiblitaría que só accedesen aqueles alumnos que tiveran un determinado perfil formativo e non só unha titulación. A segunda radicaría en facer do Máster un programa de dous anos de duración, dos cales o primeiro estaría adicado a docencia e o segundo a investigación, conducente á culminación do Traballo Fin de Máster, en canto tarefa de investigación.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| CRITERIO | |
|---|---|
| **Denominación da proposta** | Concienciar ao alumnado do Máster da necesidade de paticipar en máis reunións cos seus titores, en especial, e co profesorado do Máster, en xeral, dedicando máis horas do seu traballo a tarefas de orientación nas horas de titorías. |
| **Punto débil detectado** | Seguimento irregular das titorias por parte dos alumnos do master. |
| **Ámbito de aplicación** | Curso académico 2010-11 do master |
| **Responsable da súa aplicación** | Comisión académica do master |
| **Obxectivos específicos** | Facer un seguimento máis exhaustivo do alumnado dende as titorias. |
| **Actuacións a desenvolver** | Calendario obrigatorio de titorias e seguimento. |
| **Periódo de execusión** | Curso académico 2010-11. |
| **Recursos/financiamento** | Elaboración e aplicación da plantilla (anexo I) |
| **Responsable do seguimento** | Comisión académica de master |
| **Indicadores de execusión** | Maior taxa de aprobados nas materias teóricas.<br>Maior número de titulados que defenden o Traballo Fin de Master rematando o master de investigación.<br>Resultados da plantilla de control. Ver anexo I |
| **Observacións** | |
| O resultado positivo acadado no seguimento levado a cabo nas titorias obrigatorias de seguimento tamén o aplicamos no curso 2011-12 | |
| **A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)** | |
| **Nivel de cumprimento** | Medio-alto |
| **Resultados obtidos** | O éxito de alumnado que consegue rematar o master incrementouse en máis dun 20% con respecto aos anos anteriores. |
| **Grao de satisfacción** | Elevado |
| **Accións correctoras a desenvolver** | |

| CRITERIO | |
|---|---|
| **Denominación da proposta** | Convidar ao profesorado a que, na medida do posible, faga un maior seguimento do alumnado do Máster, en especial daquel cuxo traballo ha de supervisar como titor. |
| **Punto débil detectado** | Detectouse no curso 2010-11 que había alumnos que non contactaran co seu titor de Traballo Fin de Master no mes de abril de 2011 o que implicaba que non poderían rematar o master |
| **Ámbito de aplicación** | Todo o alumnado do master |
| **Responsable da súa aplicación** | A Comisión Académica do Master |

| | |
|---|---|
| **Obxectivos específicos** | Conseguir un maior seguimento dos alumnos<br>Acadar maiores taxas de éxito |
| **Actuacións a desenvolver** | Tentar que o profesorado manteña máis reunións de seguimento e de orientación co alumnado ao que lle dirixe o seu Traballo Fin de Máster. |
| **Periódo de execusión** | Curso 2011-12 |
| **Recursos/financiamento** | Todo o profesorado do Departamento con docencia no master. |
| **Responsable do seguimento** | Comisión Académica do Master |
| **Indicadores de execusión** | Fichas de control de asistencia fundamentalmente |
| **Observacións** | |
| | |
| **A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)** | |
| **Nivel de cumprimento** | Medio-alto |
| **Resultados obtidos** | Mellora na porcentaxe de éxito no master |
| **Grao de satisfacción** | Elevado |
| **Accións correctoras a desenvolver** | |

| | |
|---|---|
| **CRITERIO** | |
| **Denominación da proposta** | No ámbito institucional deberáse tratar de combinar os criterios pouco restritivos de acceso que establece a Universidade cos máis específicos e rigorosos que se consignan na Memoria do Máster. En calquera caso procurarase harmonizar os criterios da USC cos dun Máster de perfil investigador |
| **Punto débil detectado** | Demanda de preinscrición dun alto número de alumnos con titulacións que non teñen como obxectivo a investigación, sendo este master a súa principal finalidade. |
| **Ámbito de aplicación** | Alumnado do master |
| **Responsable da súa aplicación** | Departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagoxía Social.<br>Unidade de Xestión Académica |
| **Obxectivos específicos** | Acompasar no maior grao posible a titulación da acceso cun master de investigación. |
| **Actuacións a desenvolver** | |
| **Periódo de execusión** | Curso 2012-13 |
| **Recursos/financiamento** | |
| **Responsable do seguimento** | Director do Departamento |
| **Indicadores de execusión** | Adecuación da formación do alumnado as esixencias do master (criterios propios) |
| **Observacións** | |
| Tamén na esfera institucional, tenderase a analizar as posibilidades de que os Másteres exclusivamente | |

| |
|---|
| de investigación, como é o que aquí nos ocupa, poidan ter unha duración de 2 anos, cun primeiro período dedicado á docencia e un segundo á realización do Traballo Fin de Máster de enfoque nidiamente investigador. |

| **A cumprimentar só se foi executada (total ou parcialmente)** | |
|---|---|
| **Nivel de cumprimento** | Nulo |
| **Resultados obtidos** | Non se acadaron |
| **Grao de satisfacción** | Nulo |
| **Accións correctoras a desenvolver** | |

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

**ANEXO I**

DEPARTAMENTO DE TEORÍA DA EDUCACIÓN HISTORIA DA EDUCACIÓN E PEDAGOXÍA SOCIAL
Facultade de Ciencias da Educación
Campus universitario sur • 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 981 563 100, ext. 13762
Fax 981 530 438

**PLANTILLA DE CONTROL ALUMNADO MASTER**
**DOCENTE:**

**NOME E APELIDOS:**
**ENDEREZO ELECTRÓNICO:**
**TITULACIÓN:**
**CURSO ACADÉMICO**

| MESES | | TITORIAS OBRIGATORIA DE ORIENTACIÓN | | TITORIAS DE ASISTENCIA A SEGUIMENTO | |
|---|---|---|---|---|---|
| OUTUBRO | Datas | | | | |
| | Duración da sesión | | | | |
| | Documentos aportados | | | | |
